

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 13 de marzo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.


A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 26708 (10/CPC-000041)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do secretario xeral de Universidades, por petición propia, para informar sobre a situación do Sistema Universitario de Galicia e o desenvolvemento do plan de excelencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 267, do 27.02.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 20072 (10/PNC-001634)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a consignación polo Goberno galego dunha partida orzamentaria suficiente para a construción no ano 2018 dun novo CEIP en Vilalonga, no concello de Sanxenxo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 215, do 22.11.2017
- 2.2 21167 (10/PNC-001740)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas abrigas adquiridas no convenio asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra no ano 1991, e ratificado no ano 2000, respecto da conservación do pazo de Lourizán
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 226, do 14.12.2017
- 2.3 24073 (10/PNC-001902)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento da escola unitaria de Pedroso, no CRA de Narón, a aplicación dunha moratoria ao peche de centros de ensino e a prestación dos servizos necesarios no rural, nomeadamente os educativos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018



Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 06/03/2018 16:30:58